



# Xestión de contidos audiovisuais

## Un paso máis na privatización dos recursos educativos

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

### A CONSELLERÍA DÁ UN PASO MÁIS Á HORA DE PRIVATIZAR OS RECURSOS EDUCATIVOS

*O STEG rexeita o “imposto revolucionario” que a Consellería vén de acordar con entidades privadas de xestión de contidos audiovisuais*

Recentemente chegou aos centros educativos galegos unha carta de ton cuase ameazante por parte da empresa “Licencia educativa EGEDA” na que, en connivencia coa Consellería de Educación, se ofrece “a cobertura legal necesaria” no caso de que o centro estivese reproducindo material audiovisual sen autorización dos propietarios dos contidos.

Isto supón, en primeiro lugar, un **cambio no criterio da Administración**, dado que, na circular 14/2014, xa daba instrucións e medidas a tomar para reproducir ese tipo de materiais. Díciase nesa circular, expresamente: “os autores e editores non terán dereito a remuneración algunha pola realización destes actos”. Ademais, implicaría **cargar aos centros cun gasto extra**, que habería que sumar aos sucesivos anos de recortes que está a padecer o ensino público. Rexeitamos, ademais, que ese gasto vaia por riba para a mans de **empresas privadas que teñen acordos descoñecidos ata agora coa Administración pública**.

No STEG defendemos que un **ensino público e de calidade** pasa pola utilización de todo tipo de materiais nos diferentes soportes que están a disposición, tanto do profesorado coma do alumnado. Consideramos, ademais, un despropósito que, na época en que é máis accesible para a comunidade educativa infinidade de documentación audiovisual e de ferramentas para mellorar a calidade do ensino, **se pretenda restrinxir o seu acceso aos centros educativos en base a criterios estritamente economicistas e lucrativos**.

Polo tanto, dende o STEG esiximos:

- Que a Consellería aclare cal é a postura a adoptar polo profesorado nos centros con respecto á reprodución de materiais audiovisuais con fins educativos.
- Que, de ser precisa unha cobertura legal ao respecto, sexa a Consellería quen a garantice, e que non desprace a responsabilidade cara aos centros educativos.
- Que a Consellería garantice o libre acceso do profesorado a tódolos recursos que se consideren necesarios para levar a cabo o seu labor nun ensino público, universal e gratuíto

Secretariado Nacional do STEG  
26 de marzo do 2015